

UNIDADE 6: RENACEMENTO. O CINQUECENTO.

ESQUEMAS

- Presentámosche a continuación unha serie de esquemas-resumo -prestando atención ás cronoloxías, características xerais, obras principais e autores do Cinquecento en Italia e o resto de Europa:
 1. Cinquecento en Italia: Arquitectura e escultura.
 2. Cinquecento en Italia: Pintura.
 3. Cinquecento en Europa.
 4. Cinquecento en España.

1. CINQUECENTO EN ITALIA: ARQUITECTURA E ESCULTURA

Cronoloxía		Características xerais	Obras	Autores
1º período: Alto Renacemento ou Clasicismo (1500- 1520)	Arquitectura	Tipoloxías: Templo Pazo Preferencia polo uso das ordes clásicas, alternándoas Preferencia polas plantas centralizadas, rematadas en cúpula	<i>Templete de San Pietro in Montorio</i> <i>Proxecto para a basílica de San Pedro do Vaticano</i> <i>Pazo Caprini</i>	Bramante Rafael M. Anxo
	Escultura	Interese pola anatomía Busca da beleza (ideal neoplatónico) Busca da perfección Concepción das obras como masas compactas Potenciación da visión frontal <i>Terribilità</i> <i>Relevo sciacchiato</i>	<i>Piedade do Vaticano</i> <i>David</i> <i>Moisés</i> <i>Sartegos de Giuliano e Lourenzo de Médicis</i> <i>Madonna da escaleira</i>	Miguel Anxo
2º período: Manierismo (1520- 1600)	Arquitectura	Tipoloxías: Templo contrarreformista Pazo Villa Preferencia polo uso das ordes clásicas, alternándoas Preferencia polas plantas centralizadas, rematadas en cúpula Reformas urbanísticas Bibliotecas	<i>Gesú</i> <i>Pazo Farnesio</i> <i>Villa Rotonda</i> <i>Praza do Capitolio</i> <i>Biblioteca de San Marcos</i>	Vignola Sangallo Palladio M. Anxo Sansovino
	Escultura	Uso da <i>liña serpentinata</i> Contrappostos forzados Exacerbación do movemento e inestabilidade Forte carga erótica Contraste beleza/fealdade Corpos desproporcionados Alongamento das figuras <i>Non finito</i>	<i>Rapto da sabina</i> <i>Mercurio</i> <i>Venus saíndo da auga</i> <i>Fontana del Bacchino</i> <i>David</i> <i>Pietá Rondanini</i>	Giambologna Giambologna Giambologna Cioli Francquerville Miguel Anxo

2. CINQUECENTO EN ITALIA: PINTURA

Cronoloxía	Escolas	Características xerais	Obras	Autores
Alto Renacemento ou Clasicismo (1490-1520)	Pintura florentina e romana	<p>Uso da perspectiva xeométrica ou lineal</p> <p>Uso da perspectiva atmosférica</p> <p><i>Sfumato</i></p> <p>Predominio da liña sobre a cor</p> <p>Composicións equilibradas</p> <p>Cores suaves</p> <p>Inspiración na escultura</p> <p>Uso da <i>quadratura</i></p>	<p><i>Última Cea</i></p> <p><i>Virxe das rochas</i></p> <p><i>Gioconda</i></p> <p><i>Escola de Atenas</i></p> <p><i>Frescos do teito da Capela Sixtina</i></p>	<p>Leonardo da Vinci</p> <p>Rafael Sanzio</p> <p>Miguel Anxo</p>
	Pintura veneciana	<p>Perfeccionamento da pintura ao óleo</p> <p>Utilización da perspectiva aérea e o <i>sfumato</i></p> <p>Predominio da cor sobre a liña</p> <p>Importancia primordial da paisaxe</p> <p>Temáticas relixiosas e profanas, coa potenciación de temas mitolóxicos</p>	<p><i>Tempestade</i></p> <p><i>Concerto campestre</i></p> <p><i>Asunción da Virxe</i></p> <p><i>Bacanal</i></p> <p><i>Venus de Urbino</i></p> <p><i>Alegoría do amor sacro e amor profano</i></p> <p><i>Carlos V a cabalo en Mühlberg</i></p>	<p>Giorgione</p> <p>Tiziano</p>
Cronoloxía	Características xerais		Obras	Autores
Manierismo (1520-1600)	<p>Figuras desproporcionadas</p> <p>Expresións axitadas</p> <p>Desprazamento do tema principal, levándoo a un lateral ou a un segundo plano</p> <p>Pintura refinada e elitista, tinguida de referencias intelectuais e sensuais</p> <p>Predominio de tonalidades frías e contrastes disarmónicos de cores</p> <p><i>Liña serpentinata</i></p> <p>Equilibrio inestable</p> <p>Alongamento dos corpos</p> <p>Espazo constreñido, con perspectivas profundas</p>		<p><i>Xuizo Final</i></p> <p><i>Transfiguración</i></p> <p><i>Alegoría de Venus e Cupido</i></p> <p><i>Descendemento</i></p> <p><i>Noli me tangere</i></p> <p><i>Virxe do colo longo</i></p> <p><i>Traslado do corpo de San Marcos</i></p>	<p>Miguel Anxo</p> <p>Rafael Sanzio</p> <p>Bronzino</p> <p>Pontormo</p> <p>Correggio</p> <p>Parmigianino</p> <p>Tintoretto</p>

3. CINQUECENTO EN EUROPA

Arte e cronoloxía	Características xerais	Obras	Autores
Arquitectura (anos centrais do século XVI)	Difusión dos modelos italianos por viaxes de autores a Italia e gravados Tipoloxías: - Arquit. eclesiástica - Arquit. vencellada ao poder político - Xardíns e villas - Deseños urbanos	<i>Capela de Anet</i> <i>Pazos de Blois e Chambord</i> <i>Belvedere</i> <i>Fonte dos Inocentes</i>	Ph. de l'Orme D. da Cortona P. della Stella P. Lescot
Escultura (anos centrais do século XVI)	Modelos inspirados na antigüidade clásica Uso do relevo <i>sciacchiato</i> Temáticas profanas	<i>Tribuna das cariátides</i> <i>Monumento funerario para o corazón de Henrique II</i>	Jean Goujon Germain Pilon
Pintura (1500-1550)	Contraste entre seguidores dos modelos italianos e outros máis autóctonos Variedade de xéneros: - Retrato - Pintura relixiosa - Pintura mitolóxica - Paisaxe - Escenas de xénero	<i>Autorretrato</i> <i>Adoración da Santísima Trindade</i> <i>Paso da lagoa Estixia</i> <i>A sega</i>	Durero / Hyeronimus Bosch Durero Patinir Brueghel
Arquitectura (finais do século XVI)	Arquitectura desornamentada	<i>San Vicente da Fora</i>	Felipe Terzi e Baltasar Álvarez
Pintura (1550-1600)	Continuidade no traballo dos distintos xéneros pictóricos	<i>Retrato de Diana de Poitiers</i> <i>O outono</i>	Escola de Fontainebleau Arcimboldo

4. CINQUECENTO EN ESPAÑA

Arte e cronoloxía	Características xerais	Obras	Autores
Arquitectura prateiresca (1500-1530)	Predominio dos modelos decorativos italianos: medallóns, grutescos, columnas abalaustradas ou candeeiros, cresterías	<i>Fachada da Universidade de Salamanca</i> <i>Fachada do Hospital dos Reis Católicos</i>	Martín de Blas e Guillén Colás
Arquitectura purista (1530-1560)	Potenciación dos valores estruturais da arquitectura Uso do arco de medio punto e as ordes clásicas Plantas centralizadas	<i>Pazo de Carlos V</i> <i>Pazo de Fonseca Cabeceira da catedral de Granada</i>	Pedro Machuca A. Covarrubias Diego de Siloé
Arquitectura manierista, contrarreformista (1560-1600)	Austeridade de formas Desaparición da ornamentación, reducida a bolas e piramidións Culminación das esquinas en torres-chapiteis Estilo herreriano	<i>El Escorial</i>	Juan de Herrera
Escultura (ata 1560)	Influencia de autores italianos asentados en España Temática sobre todo relixiosa Talla da madeira, coa técnica do <i>estofado</i>	<i>Sartegos dos Reis Católicos</i> <i>San Xerome</i>	Fancelli Torrigiano
Escultura manierista (1560-1600)	Acentuación da expresividade Alongamento e distorsión das figuras Escultura en bronce	<i>Santo Enterro</i> <i>San Sebastián</i> <i>Carlos V e o Furor</i>	Juan de Juni Alonso Berruguete Leoni
Pintura hispano-flamenca (1490-1510)	Estilo realista Riqueza de cores Composicións equilibradas Temática relixiosa	<i>Piedade</i>	Fernando Gallego
Pintura clasicista (1510-1550)	Interese pola anatomía Arquitecturas clásicas Naturalismo nos xestos Asimilación dos modelos italianos, con perspectiva, sfumato,...	<i>Auto de Fe presidido por Sto. Domingo de Guzmán</i> <i>Flaxelación Santa Catalina Santa Cea</i>	Berruguete Alejo Fernández Yáñez de la Almedina Juan de Juanes
Pintura manierista: El Greco (1541-1614)	Formación bizantina, veneciana e romana Alongamento das figuras Impulso ascensional e misticismo Espazo constreñido Contrastes cromáticos Temática relixiosa	<i>Expolio Enterro do conde de Orgaz</i> <i>Retrato do cabaleiro coa man no peito</i> <i>Laocoonte</i>	Doménikos Théotokopoulos

